



CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de agosto de 2019, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xullo de 2019 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal e os padróns correspondentes ao 3º bimestre de 2019 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 9 de setembro ao 11 de novembro de 2019. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 29 de agosto de 2019.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2696

GUITIRIZ

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA CONTA XERAL 2018

Formada e rendida a Conta Xeral correspondente ao orzamento 2018, e informada pola Comisión Especial de Contas na súa sesión celebrada o 5 de setembro de 2019, expónse ao público cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta Corporación, durante quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e o artigo 212.3 del Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais disposicións concordantes.

Guitiriz, 5 de setembro de 2019.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2705

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, ó non presentarse ningunha reclamación na súa contra, o **expediente de modificación de créditos Nº6/2019**, que comprende **suplemento de crédito por importe de 2.000,00 €**, financiado con cargo ó remanente líquido de tesoureiría para gastos xerais, derivado da liquidación do exercicio 2018, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o *T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais*, faise público que, trala aprobación do expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2019, é o seguinte:

Capítulo 1	700.636,92 €
Capítulo 2	443.263,73 €
Capítulo 4	33.150,00 €
Capítulo 6	<u>384.402,25 €</u>
TOTAL ORZAMENTO	1.561.452,90 €

A Proba de Navia, 3 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2692

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Este anuncio substitúe o publicado por erro no BOP nº 202 do día 3 de setembro de 2019, o cal queda sen efecto por terse publicado dito anuncio no BOP nº 176 de data 2 de agosto de 2019.

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO 2019

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 18.07.2019 aprobou inicialmente o cadro de persoal e anexos do exercicio 2019. Conforme ao artigo 169 do TRLRFL someteuse a información pública por un período de 15 días. Ao non presentarse reclamacións durante este período, enténdense definitivamente aprobados. De acordo co que se establece no artigo 127 do RD 791/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación o cadro de persoal para o exercicio 2019

1.1.- FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN	NÚM. DE POSTOS	GRUPO	NIVEL	SITUACION
SECRETARIA-INTERVENCION	1	A1	24	ACUMULACIÓN
TECNICO ECONOMISTA	1	C1	19	COBERTURA INTERINA
TÉCNICO DE SERVIZOS MUNICIPAIS	1	C1	19	COBERTURA INTERINA

DENOMINACIÓN	NÚM. DE POSTOS	GRUPO	NIVEL	XORNADA	SITUACION
ARQUITECTO/A MUNICIPAL	1	A1	20	5 H/SEM.	COBERTURA INTERNA

1.2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL: Para o exercicio 2019, mera estimación de contratos a formalizar en función das subvencións ou convenios que se concreten con outras administracións públicas, así coma das necesidades puntuais de persoal.

DENOMINACIÓN	Nº POSTOS	CARACTERÍSTICAS	DURACIÓN
PEÓN LIMPEZA DE SERVIZOS PÚBLICOS	2	XORNADA PARCIAL (25H/SEM)	12 MESES
AXENTE DE EMPREGO LOCAL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
ORIENTADOR LABORAL	1	XORNADA COMPLETA	11 MESES
TRABALLADOR SOCIAL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	5	XORNADA COMPLETA	12 MESES
AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	11	XORNADA PARCIAL	12 MESES

SOCORRISTA	1	XORNADA PARCIAL(35H/SEM)	2 MESES
INFORMADOR TURÍSTICO	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
OF. 1ª ALBANEL	4	XORNADA COMPLETA	12 MESES
PEÓN (APROL RURAL2018-2019)	2	XORNADA COMPLETA	3 MESES
PEON (APROL RURAL 2019-2020)	2	XORNADA COMPLETA	9 MESES
PEÓN	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
PEÓN	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
PEÓN	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
OFICIAL 2º CARPINTEIRO	1	XORNADA COMPLETA	3 MESES
OFICIAL 1ª CONDUCTOR (DEPUEMPREGO 2018-2019)	1	XORNADA COMPLETA	9 MESES
PEÓNS (DEPUEMPREGO 2018-2019)	5	XORNADA COMPLETA	7 MESES
PEÓN (DEPUEMPREGO 2019-2020)	5	XORNADA COMPLETA	9 MESES
OF. 1ª CONDUTOR INCENDIOS	3	XORNADA COMPLETA	3 MESES
PEÓNS BRIGADAS INCENDIOS	8	XORNADA COMPLETA	3 MESES
XEFE DE BRIGADA DE INCENDIOS	2	XORNADA COMPLETA	3 MESES
OFICIAL 2º ALBANEL	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES
1 PEÓN	1	XORNADA COMPLETA	6 MESES
CONDUTOR CAMIÓN LIXO	1	XORNADA COMPLETA	12 MESES

Total número persoal temporal do Concello: 62

Pedrafita do Cebreiro, 04 de setembro de 2019.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2697

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/27082-1

Fergo Galicia Vento, S.L., con C.I.F. B 15752611, solicita autorización para efectuar obras dentro del Dominio Público Hidráulico.

Las obras estarán situadas bajo el río Oribio, contemplado en el proyecto "LAT 132 KV PE Serra de Oribio-Subestación de Triacastela", término municipal de Triacastela (Lugo), y consistirán las mismas en un cruzamiento subterráneo de línea eléctrica.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2693

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30301

La Diputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P 2700000I, solicita autorización para efectuar obras dentro del Dominio Público Hidráulico.

Las obras estarán situadas sobre el río Maceda, en el P.K. 7+800 de la LU-P-1611, en el T.M. de O Corgo (Lugo), y consistirán las mismas en la sustitución de la obra de paso sobre el río Maceda.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2694
